



## INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN PARA  
1º DE ESO



O desenvolvemento curricular desta materia recolle criterios e estándares de avaliación que responden a varias competencias clave do actual currículo:

- A competencia en comunicación lingüística.
- A competencia dixital.
- A competencia de aprender .
- O sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- As competencias sociais e cívicas.
- A conciencia e expresións culturais.

Abrangue unha serie de habilidades e destrezas necesarias para a vida e o traballo de hoxe, toda a tipoloxía de medios de comunicación e outros provedores de información como bibliotecas, arquivos, museos e Internet, independentemente das tecnoloxías empregadas.



- Aspectos máis salientables que se aprenden nesta materia:
- A utilizar a biblioteca para cubrir necesidades de lectura e de información, para procurar recursos informativos e facer os teus traballos.
- A utilizar Internet valorando as súas características como a fiabilidade, a veracidade, a gratuidade ou dispoñibilidade.
- A empregar prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
- A navegar por Internet con seguridade preservando a túa identidade e a túa privacidade.
- A ler comprensivamente, a seleccionar e valorar a información, a sintetizar, a realizar esquemas, mapas conceptuais, gráficos, guións, presentación de traballos escritos, presentacións de diapositivas, etc.

Bloques de contidos:

- A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.
- Fontes informativas. Localización e selección.
- Organizarse para investigar.
- Procura e tratamento da información.
- Xeración de contidos e comunicación.

